

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

11431 *Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego.*

O artigo un.f) da Lei 20/2014, do 29 de outubro, pola que se delega no Goberno a potestade de ditar diversos textos refundidos, en virtude do establecido no artigo 82 e seguintes da Constitución española, autorizou o Goberno para aprobar un texto refundido no cal se integrasen, debidamente regularizadas, aclaradas e harmonizadas, a Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, e todas as disposicións legais relacionadas que se enumeran nese punto, así como as normas con rango de lei que as modificaron e as que, afectando o seu ámbito material, poidan, se for o caso, promulgarse antes da aprobación polo Consello de Ministros do texto refundido que proceda e así se previse nelas. O prazo para a realización do dito texto é de doce meses a partir da entrada en vigor da citada Lei 20/2014, do 29 de outubro, que tivo lugar o 31 de outubro de 2014.

Este real decreto legislativo foi sometido a consulta das organizacións sindicais e empresariais máis representativas. Ademais, o Consello Económico e Social emitiu informe sobre el.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei de emprego.*

Apróbase o texto refundido da Lei de emprego, que se insire a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no texto refundido da Lei de emprego e, en particular, as seguintes:

- a) A Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.
- b) As disposicións adicionais sexta e décimo sétima da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.
- c) A disposición adicional primeira, o último parágrafo da disposición transitoria segunda e a disposición derradeira primeira do Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego.
- d) A disposición adicional décimo quinta da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Dado en Oviedo o 23 de outubro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE EMPREGO

ÍNDICE

- Título preliminar. Da política de emprego.
- Artigo 1. Definición.
- Artigo 2. Obxectivos.
- Artigo 3. Planificación e execución da política de emprego.
- Artigo 4. A dimensión local da política de emprego.
- Artigo 5. Instrumentos da política de emprego.
- Título I. O Sistema nacional de emprego.
- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Artigo 6. Concepto.
- Artigo 7. Fins.
- Artigo 8. Órganos.
- Artigo 9. Instrumentos de coordinación do Sistema nacional de emprego.
- Artigo 10. Estratexia española de activación para o emprego.
- Artigo 11. Plans anuais de política de emprego.
- Artigo 12. O Sistema de información dos servizos públicos de emprego.
- Artigo 13. Principios de organización e funcionamento.
- Artigo 14. Funcións.
- Capítulo II. O Servizo Público de Emprego Estatal.
- Artigo 15. Concepto.
- Artigo 16. Natureza e réxime xurídico.
- Artigo 17. Organización.
- Artigo 18. Competencias.
- Capítulo III. Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.
- Artigo 19. Concepto e competencias.
- Artigo 20. Organización.
- Capítulo IV. Financiamento.
- Artigo 21. Réxime orzamentario de fondos de emprego de ámbito nacional.
- Artigo 22. Políticas activas de emprego cofinanciadas polos fondos da Unión Europea.
- Artigo 23. Órganos de seguimento e control dos fondos de emprego de ámbito nacional.
- Artigo 24. Fondo de políticas de emprego.
- Artigo 25. Financiamento autonómico das políticas activas de emprego.
- Título II. Servizos do Sistema nacional de emprego prestados polos servizos públicos de emprego.
- Capítulo I. Usuarios dos servizos.
- Artigo 26. Persoas e empresas usuarias dos servizos.
- Artigo 27. Carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego.
- Capítulo II. Acceso das persoas desempregadas aos servizos.
- Artigo 28. Enfoque personalizado dos servizos.
- Artigo 29. Itinerario individual e personalizado de emprego.
- Artigo 30. Colectivos prioritarios.

Título III. Instrumentos da política de emprego.

Capítulo I. A intermediación laboral.

Artigo 31. Concepto da intermediación laboral.

Artigo 32. Axentes da intermediación.

Artigo 33. Axencias de colocación.

Artigo 34. Principios básicos da intermediación laboral.

Artigo 35. Discriminación no acceso ao emprego.

Capítulo II. As políticas activas de emprego.

Artigo 36. Concepto das políticas activas de emprego.

Artigo 37. Principios xerais das políticas activas de emprego.

Artigo 38. Desenvolvemento das políticas activas de emprego.

Artigo 39. Avaliación continuada das políticas activas de emprego.

Artigo 40. Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

Capítulo III. A coordinación entre as políticas activas e a protección económica fronte ao desemprego.

Artigo 41. A inscrición como demandantes de emprego e a subscrición do compromiso de actividade dos beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego.

Artigo 42. Cooperación e colaboración entre os servizos públicos de emprego que xestionan as políticas activas e o Servizo Público de Emprego Estatal en materia de protección económica fronte ao desemprego.

Disposición adicional primeira. Identificación do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional segunda. Colaboración en materia de información cos servizos públicos de emprego.

Disposición adicional terceira. Plan integral de emprego de Canarias.

Disposición adicional cuarta. Participación das comunidades autónomas na incentiación do emprego indefinido.

Disposición adicional quinta. Vinculación de políticas activas de emprego e prestacións por desemprego.

Disposición adicional sexta. Servizos públicos de emprego.

Disposición adicional sétima. Consideración de vítimas do terrorismo para efectos de políticas activas de emprego.

Disposición adicional oitava. Identificación da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Disposición transitoria primeira. Entidades que colaboran na xestión do emprego.

Disposición transitoria segunda. Xestión de políticas activas de emprego e de intermediación laboral polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición transitoria terceira. Políticas activas de emprego dirixidas a mulleres.

Disposición transitoria cuarta. Disposicións aplicables ás axencias de colocación con autorización vixente en 5 de xullo de 2014.

Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.

Disposición derradeira segunda. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira terceira. Convenios de colaboración entre o Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas para o financiamento de gastos compartidos, correspondentes á xestión estatal de prestacións por desemprego que non impliquen a ampliación do custo efectivo traspasado ás comunidades autónomas.

TÍTULO PRELIMINAR

Da política de empregoArtigo 1. *Definición.*

Tendo en conta o establecido nos artigos 40 e 41 da Constitución española, a política de emprego é o conxunto de decisións adoptadas polo Estado e polas comunidades autónomas que teñen por finalidade o desenvolvemento de programas e medidas tendentes á consecución do pleno emprego, así como a calidade no emprego, á adecuación cuantitativa e cualitativa da oferta e demanda de emprego, á redución e á debida protección das situacións de desemprego.

A política de emprego desenvolverase, dentro das orientacións xerais da política económica, no ámbito da estratexia coordinada para o emprego regulada polo Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Artigo 2. *Obxectivos.*

Son obxectivos xerais da política de emprego:

a) Garantir a efectiva igualdade de oportunidades e a non discriminación, tendo en conta o previsto no artigo 9.2 da Constitución española, no acceso ao emprego e nas accións orientadas a conseguilo, así como a libre elección de profesión ou oficio sen que poida prevalecer ningunha discriminación, nos termos establecidos no artigo 17 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Os ditos principios serán de aplicación aos nacionais de Estados membros do Espazo Económico Europeo e, nos termos que determine a normativa reguladora dos seus dereitos e liberdades, aos restantes estranxeiros.

b) Manter un sistema eficaz de protección ante situacións de desemprego, que comprende as políticas activas de emprego e as prestacións por desemprego, asegurando a coordinación entre estas e a colaboración entre os distintos entes implicados na execución da política de emprego e a súa xestión e a interrelación entre as distintas accións de intermediación laboral.

c) Adoptar un enfoque preventivo fronte ao desemprego, especialmente de longa duración, facilitando unha atención individualizada aos desempregados, mediante accións integradas de políticas activas de emprego que melloren a súa ocupabilidade.

Igualmente, a política de emprego tenderá a adoptar un enfoque preventivo fronte ao desemprego e de anticipación do cambio a través de accións formativas que faciliten ao traballador o mantemento e a mellora da súa cualificación profesional, empregabilidade e, se for o caso, recualificación e a adaptación das súas competencias profesionais aos requirimentos do mercado de traballo.

d) Asegurar políticas adecuadas de integración laboral dirixidas a aqueles colectivos que presenten maiores dificultades de inserción laboral, especialmente mocidade, mulleres, persoas con discapacidade e parados de longa duración, maiores de 45 anos.

e) Manter a unidade do mercado de traballo en todo o territorio estatal, tendo en conta as características específicas e diversas dos diferentes territorios e promovendo a corrección dos desequilibrios territoriais e sociais.

f) Asegurar a libre circulación dos traballadores e facilitar a mobilidade xeográfica, tanto no ámbito estatal como no europeo, daqueles que desexen trasladarse por razóns de emprego.

g) Coordinar a súa articulación coa dimensión do fenómeno migratorio interno e externo, de acordo co establecido nas letras a) e d), en colaboración coas comunidades autónomas, no marco das súas respectivas competencias.

h) Proporcionar servizos individualizados á poboación activa dirixidos a facilitar a súa incorporación, permanencia e progreso no mercado laboral, así como ás empresas para contribuir á mellora da súa competitividade.

i) Fomentar a cultura emprendedora e o espírito empresarial, así como mellorar a atención e o acompañamento ás persoas emprendedoras na posta en marcha da súa iniciativa empresarial.

Artigo 3. Planificación e execución da política de emprego.

1. No ámbito de competencia estatal corresponde ao Goberno, a través do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, no marco dos acordos adoptados pola Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, a coordinación da política de emprego.

Igualmente, corresponde ao Goberno, por proposta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e logo do informe deste ministerio á Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, a aprobación dos proxectos de normas con rango de lei e a elaboración e aprobación das disposicións regulamentarias en relación coa intermediación e colocación no mercado de traballo, fomento de emprego, protección por desemprego, formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como o desenvolvemento da dita ordenación, todo isto sen prexuízo das competencias que en materia de estranxeiría corresponden ao Ministerio do Interior.

En calquera caso, corresponden ao Goberno, a través do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a xestión e o control das prestacións por desemprego.

2. De conformidade coa Constitución española e cos seus estatutos de autonomía, corresponde ás comunidades autónomas no seu ámbito territorial o desenvolvemento da política de emprego, o fomento do emprego e a execución da lexislación laboral e dos programas e medidas que lles fosen transferidos.

Artigo 4. A dimensión local da política de emprego.

A política de emprego, no seu deseño e modelo de xestión, deberá ter en conta a súa dimensión local para axustala ás necesidades do territorio, de maneira que favoreza e apoie as iniciativas de xeración de emprego no ámbito local.

De conformidade coa Constitución española, cos estatutos de autonomía e coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, en execución dos servizos e programas de políticas activas de emprego, poderán establecer os mecanismos de colaboración oportunos coas entidades locais.

As entidades locais poderán participar no proceso de concertación territorial das políticas activas de emprego, mediante a súa representación e participación nos órganos de participación institucional de ámbito autonómico.

Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas serán os responsables de trasladar ao marco do Sistema nacional de emprego a dimensión territorial das políticas activas de emprego e de determinar, se for o caso, a representación das entidades locais nos órganos de participación institucional de ámbito autonómico.

Artigo 5. Instrumentos da política de emprego.

Son instrumentos da política de emprego os seguintes:

- a) A intermediación laboral.
- b) As políticas activas de emprego.
- c) A coordinación entre as políticas activas e a protección económica fronte ao desemprego.

TÍTULO I

O Sistema nacional de emprego

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 6. *Concepto.*

Enténdese por Sistema nacional de emprego o conxunto de estruturas, medidas e accións necesarias para promover e desenvolver a política de emprego. O Sistema nacional de emprego está integrado polo Servizo Público de Emprego Estatal e polos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.

Artigo 7. *Fins.*

1. O Sistema Nacional de Emprego deberá garantir o cumprimento dos seguintes fins:

a) Fomentar o emprego e apoiar a creación de postos de traballo, en especial os dirixidos a persoas con maior dificultade de inserción laboral.

b) Ofrecer un servizo de emprego público e gratuito a traballadores e empresarios, capaz de captar as ofertas de emprego do mercado de traballo, sobre a base dunha atención eficaz e de calidade, con vistas a incrementar progresivamente as súas taxas de intermediación laboral.

c) Facilitar a información necesaria que permita aos demandantes de emprego encontrar un traballo ou mellorar as súas posibilidades de ocupación e, aos empregadores, contratar os traballadores adecuados apropiados ás súas necesidades, asegurando o principio de igualdade no acceso dos traballadores e empresarios aos servizos prestados polo servizo público de emprego.

d) Asegurar que os servizos públicos de emprego, no ámbito das súas respectivas competencias, aplican as políticas activas de emprego e de intermediación laboral conforme os principios de igualdade e non discriminación, nos termos previstos no artigo 9 da Constitución española, e promoven a superación dos desequilibrios territoriais.

e) Garantir a aplicación das políticas de activación para o emprego e da acción protectora por desemprego.

f) Asegurar a unidade do mercado de traballo en todo o territorio español e a súa integración no mercado único europeo, así como a libre circulación dos traballadores.

g) Impulsar a cooperación do servizo público de emprego e das empresas naquelas accións de políticas activas e cualificación profesional que estas desenvolvan e que poidan resultar efectivas para a integración laboral, a formación ou a recualificación dos desempregados.

h) Fortalecer os servizos públicos de emprego e favorecer a colaboración público-privada na intermediación laboral e o desenvolvemento das políticas activas de emprego.

2. No cumprimento destes fins, o Sistema nacional de emprego será obxecto de avaliación periódica co fin de adecuar as súas estruturas, medidas e accións ás necesidades reais do mercado laboral.

3. Co obxectivo de asegurar o cumprimento destes fins, os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, velarán por que os servizos públicos de emprego creados nesta lei estean dotados co persoal que en cada momento resulte necesario para o desempeño das funcións que a lei lles encomenda.

Artigo 8. Órganos.

Os órganos do Sistema nacional de emprego son:

a) A Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, que é o instrumento xeral de colaboración, coordinación e cooperación entre a Administración xeral do Estado e a das comunidades autónomas en materia de política de emprego e de formación profesional para o emprego no ámbito laboral e, especialmente, no relacionado coa Estratexia española de activación para o emprego e cos plans anuais de política de emprego.

b) O Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, que é o órgano consultivo e de participación institucional en materia de política de emprego e de formación profesional para o emprego no ámbito laboral. O Consello estará integrado por un representante de cada unha das comunidades autónomas e por igual número de membros da Administración xeral do Estado, das organizacións empresariais e das organizacións sindicais máis representativas. Para a adopción de acordos ponderaranse os votos das organizacións empresariais e os das organizacións sindicais para que cada unha destas dúas representacións conte co mesmo peso que o conxunto dos representantes de ambas as administracións e se mantéña así o carácter tripartito do Consello. Regulamentariamente determinaranse as súas funcións, en consonancia coas atribuídas ao Sistema nacional de emprego polo artigo 14, entre as cales se encontra a de consulta e informe da Estratexia española de activación para o emprego e dos plans anuais de política de emprego.

Artigo 9. Instrumentos de coordinación do Sistema nacional de emprego.

A coordinación do Sistema nacional de emprego levarase a cabo principalmente a través dos seguintes instrumentos:

- a) A Estratexia española de activación para o emprego, regulada no artigo 10.
- b) Os plans anuais de política de emprego, regulados no artigo 11.
- c) O Sistema de información dos servizos públicos de emprego, regulado no artigo 12.

Artigo 10. Estratexia española de activación para o emprego.

1. No exercicio das competencias definidas no artigo 3.1, o Goberno, por proposta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, aprobará a Estratexia española de activación para o emprego, que se elaborará en colaboración coas comunidades autónomas e coa participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, será obxecto de informe pola Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e se someterá a consulta e informe do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

Ademais, na elaboración da Estratexia española de activación para o emprego consultaránse os consellos do traballo autónomo e de fomento da economía social, en relación coas actuacións de promoción do traballo autónomo e da economía social.

2. A Estratexia española de activación para o emprego incluirá os seguintes elementos:

- a) Análise da situación e tendencias do mercado de traballo.
- b) Principios de actuación e obxectivos estratéxicos e estruturais que hai que alcanzar en materia de políticas de activación para o emprego, incluíndo políticas activas de emprego e de intermediación laboral, para o conxunto do Estado.
- c) Marco orzamentario, fontes de financiamento e criterios de xestión dos fondos.

3. A Estratexia española de activación para o emprego reflectirá as políticas activas de emprego e de intermediación laboral que se desenvolvan no conxunto do Estado, e incluirá tanto os servizos e programas que realizan os servizos públicos de emprego con fondos estatais como os que as comunidades autónomas realizan con recursos económicos propios.

4. A Estratexia española de activación para o emprego articularase arredor dos seguintes eixes das políticas de activación para o emprego, nos cales se integrarán os

obxectivos en materia de políticas de activación para o emprego e o conxunto dos servizos e programas desenvolvidos polos servizos públicos de emprego:

a) Eixe 1. Orientación. Comprende as actuacións de información, orientación profesional, motivación, asesoramento, diagnóstico e determinación do perfil profesional e de competencias, deseño e xestión da traxectoria individual de aprendizaxe, busca de emprego, intermediación laboral e, en resumo, as actuacións de apoio á inserción das persoas beneficiarias.

b) Eixe 2. Formación. Inclúe as actuacións de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, dirixidas á aprendizaxe, formación, recualificación ou reciclaxe profesional e de formación en alternancia coa actividade laboral, incluídos os programas públicos de emprego e formación, que permitan ao beneficiario adquirir competencias ou mellorar a súa experiencia profesional, para perfeccionar a súa cualificación e facilitar a súa inserción laboral.

c) Eixe 3. Oportunidades de emprego. Inclúe as actuacións que teñen por obxecto incentivar a contratación, a creación de emprego ou o mantemento dos postos de traballo, especialmente para aqueles colectivos que teñen maior dificultade no acceso ou permanencia no emprego, con especial consideración á situación das persoas con discapacidade, das persoas en situación de exclusión social, das persoas con responsabilidades familiares, das vítimas do terrorismo e das mulleres vítimas de violencia de xénero.

d) Eixe 4. Igualdade de oportunidades no acceso ao emprego. Comprende as actuacións dirixidas a promover a igualdade entre mulleres e homes no acceso, permanencia e promoción no emprego, así como a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Tamén inclúe as dirixidas a facilitar a mobilidade xeográfica ou promover a contratación en sectores de actividade diferentes daqueles en que se traballase habitualmente.

e) Eixe 5. Emprendemento. Comprende as actividades dirixidas a fomentar a iniciativa empresarial, o traballo autónomo e a economía social, así como as encamiñadas á xeración de emprego, actividade empresarial e dinamización e impulso do desenvolvemento económico local.

f) Eixe 6. Mellora do marco institucional. Este eixe ten carácter transversal, polo que afecta todos os restantes. Recolle as accións, medidas e actuacións dirixidas á mellora da xestión, colaboración, coordinación e comunicación dentro do Sistema nacional de emprego e o impulso á súa modernización.

5. A Estratexia española de activación para o emprego terá carácter plurianual e poderá ser obxecto de revisión, mellora e actualización. No momento da súa finalización realizarase unha avaliación dela.

Artigo 11. *Plans anuais de política de emprego.*

1. Os plans anuais de política de emprego concretarán, con carácter anual, os obxectivos da Estratexia española de activación para o emprego que hai alcanzar no conxunto do Estado e en cada unha das distintas comunidades autónomas, así como os indicadores que se utilizarán para coñecer e avaliar anualmente o seu grao de cumprimento.

Así mesmo, para alcanzar estes obxectivos, conterán a previsión dos servizos e programas de políticas activas de emprego e de intermediación laboral que se propoñen levar a cabo, tanto as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias de execución no ámbito do traballo, do emprego e da formación profesional para o emprego no ámbito laboral como o Servizo Público de Emprego Estatal no seu ámbito competencial. Os servizos e programas incluídos en cada plan anual poderán ser excepcionalmente modificados polo Servizo Público de Emprego Estatal, por petición xustificada da correspondente comunidade autónoma, cando necesidades de carácter extraordinario sobrevidas o fagan necesario para a adecuada xestión e execución do plan.

2. Os plans anuais de política de emprego elaboraraos o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, tendo en conta as previsións formuladas polas comunidades autónomas e polo Servizo Público de Emprego Estatal no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, o Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego emitirá informe sobre eles, regulado no artigo 8.b), e aprobaraos o Consello de Ministros.

Ademais, na elaboración dos plans anuais de política de emprego serán consultados os consellos do traballo autónomo e de fomento da economía social, en relación coas actuacións de promoción do traballo autónomo e da economía social.

Artigo 12. *O Sistema de información dos servizos públicos de emprego.*

O Sistema de información dos servizos públicos de emprego configúrase como un sistema de información común que se organizará cunha estrutura informática integrada e compatible, e será o instrumento técnico que integrará a información relativa á intermediación laboral e á xestión das políticas activas de emprego e da protección por desemprego que realicen os servizos públicos de emprego en todo o territorio do Estado.

Este sistema garantirá que se leven a cabo de forma adecuada as funcións de intermediación laboral, sen barreiras territoriais; o rexistro das persoas demandantes de emprego, a rastrexabilidade das actuacións seguidas por estas na súa relación cos servizos públicos de emprego; as estatísticas comúns; a comunicación do contido dos contratos; o coñecemento da información resultante e o seguimento, entre outros ámbitos, da xestión da formación profesional para o emprego no ámbito laboral, a orientación profesional, as iniciativas de emprego e as bonificacións á contratación, así como as actuacións das axencias de colocación.

O sistema permitirá a avaliación, o seguimento e o control da utilización de fondos procedentes dos orzamentos xerais do Estado ou da Unión Europea para a súa xustificación.

Artigo 13. *Principios de organización e funcionamento.*

A organización e o funcionamento do Sistema nacional de emprego basearanse nos seguintes principios:

a) Participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas no Servizo Público de Emprego Estatal e nos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, na forma en que estes determinen, de acordo co previsto nesta lei.

b) Transparencia no funcionamento do mercado de traballo e establecemento das políticas necesarias para asegurar a libre circulación de traballadores por razóns de emprego ou formación, tendo en conta, como elementos esenciais para garantir este principio, os seguintes:

1.º Integración, compatibilidade e coordinación dos sistemas de información. O Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas colaborarán na creación, explotación e mantemento dun sistema de información común que se organizará cunha estrutura informática integrada e compatible. Isto permitirá levar a cabo de forma adecuada as funcións de intermediación laboral sen barreiras territoriais, o rexistro de paro, as estatísticas comúns, a comunicación do contido dos contratos e o seguimento e control da utilización de fondos procedentes da Administración xeral do Estado ou europea para a súa xustificación.

2.º Existencia dunha base de datos común, Portal único de emprego, que posibilita a difusión das ofertas, demandas de emprego e oportunidades de formación existentes en todo o territorio do Estado, así como no resto dos países do Espazo Económico Europeo, respectando o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Para isto, os servizos públicos de emprego rexistrarán todas as ofertas e demandas de emprego nas bases de datos do Sistema de información dos servizos públicos de emprego. O Servizo Público de Emprego Estatal garantirá a difusión desta información a todos os

cidadáns, empresas e administracións públicas como garantía de transparencia e unidade de mercado.

3.º Os servizos públicos de emprego son os responsables de asumir, nos termos establecidos nesta lei, a execución das políticas activas de emprego, sen prexuízo de que se poidan establecer instrumentos de colaboración con outras entidades, que actuarán baixo a súa coordinación. As ditas entidades deberán respectar en todo caso os principios de igualdade e non discriminación.

A colaboración de tales entidades orientarase en función de criterios obxectivos de eficacia, calidade e especialización na prestación do servizo encomendado, de acordo en todo caso co establecido na normativa correspondente. A colaboración dos interlocutores sociais deberase considerar de maneira específica.

4.º Calidade na prestación do servizo, co fin de favorecer o impulso e a permanente mellora dos servizos públicos de emprego para adaptarse ás necesidades do mercado de traballo, con aproveitamento das novas tecnoloxías como elemento dinamizador do cambio, con dotación suficiente de recursos humanos e materiais que posibiliten unha atención especializada e personalizada tanto aos demandantes de emprego como ás empresas.

Artigo 14. *Funcións.*

Son funcións do Sistema nacional de emprego:

- a) Aplicar e concretar a Estratexia española de activación para o emprego, a través dos plans anuais de política de emprego.
- b) Garantir a coordinación e cooperación do Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, prestando especial atención á coordinación entre as políticas activas de emprego e de intermediación para o emprego e as prestacións por desemprego.
- c) Establecer obxectivos concretos e coordinados a través dos plans anuais de política de emprego que permitan avaliar os resultados e a eficacia das políticas de activación para o emprego e definir indicadores comparables.
- d) Impulsar e coordinar a permanente adaptación dos servizos públicos de emprego ás necesidades do mercado de traballo, no marco dos acordos que se alcancen na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.
- e) Informar, propor e recomendar ás administracións públicas sobre cuestións relacionadas coas políticas activas de emprego e de intermediación para o emprego.
- f) Analizar o mercado laboral nos distintos sectores de actividade e ámbitos territoriais co fin de adecuar as políticas activas de emprego e de intermediación para o emprego ás súas necesidades, así como para determinar a situación nacional de emprego que contribúa á fixación das necesidades de traballadores estranxeiros, de acordo coa normativa derivada da política migratoria.
- g) Determinar e ter actualizada unha carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego para prestaren os servizos públicos de emprego, que garanta en todo o Estado o acceso, en condicións de igualdade, a un servizo público e gratuito de emprego.
- h) Realizar o seguimento do Fondo de políticas de emprego, regulado no artigo 24.

CAPÍTULO II

O Servizo Público de Emprego Estatal

Artigo 15. *Concepto.*

O Servizo Público de Emprego Estatal é o organismo autónomo da Administración xeral do Estado ao cal se lle encomenda a ordenación, o desenvolvemento e o seguimento dos programas e medidas da política de emprego, no marco do establecido nesta lei.

Artigo 16. *Natureza e réxime xurídico.*

O Servizo Público de Emprego Estatal é un organismo autónomo dos previstos no capítulo II do título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a través do seu titular.

Como organismo autónomo ten personalidade xurídica propia e independente da Administración xeral do Estado, plena capacidade de obrar para o cumprimento das súas funcións, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión, e réxese polo establecido na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e nas demais disposicións de aplicación aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

Artigo 17. *Organización.*

O Servizo Público de Emprego Estatal artículase arredor dunha estrutura central e dunha estrutura periférica para o cumprimento das súas competencias. As organizacións empresariais e sindicais máis representativas participarán, de forma tripartita e paritaria, nos seus órganos correspondentes.

En todo caso, a estrutura central dotarase dun consello xeral e dunha comisión executiva, cuxa composición e funcións se establecerán regulamentariamente, de acordo coas competencias atribuídas ao Servizo Público de Emprego Estatal.

Artigo 18. *Competencias.*

O Servizo Público de Emprego Estatal terá as seguintes competencias:

- a) Elaborar e elevar ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social as propostas normativas de ámbito estatal en materia de emprego que procedan.
- b) Formular o anteproxecto de orzamento de ingresos e gastos.
- c) Percibir as axudas de fondos europeos para o cofinanciamento de accións a cargo do seu orzamento e proceder á súa xustificación, a través da autoridade de xestión designada pola normativa da Unión Europea.

d) Elaborar o proxecto da Estratexia española de activación para o emprego e dos plans anuais de política de emprego en colaboración coas comunidades autónomas.

As organizacións empresariais e sindicais máis representativas participarán na elaboración da dita estratexia e recibirán información periódica sobre o seu desenvolvemento e seguimento.

e) Coordinar as actuacións conxuntas dos servizos públicos de emprego no desenvolvemento do Sistema de Información dos servizos públicos de emprego.

f) Xestionar o Observatorio das Ocupacións do Servizo Público de Emprego Estatal, cunha rede en todo o territorio do Estado, que analice a situación e as tendencias do mercado de traballo e a situación da formación para o emprego, en colaboración coas comunidades autónomas.

g) Manter as bases de datos xeradas polos sistemas integrados de información do Sistema nacional de emprego e elaborar as estatísticas en materia de emprego, formación profesional para o emprego no ámbito laboral e protección por desemprego a nivel estatal.

h) Xestionar os servizos e programas financiados con cargo á reserva de crédito establecida no seu orzamento de gastos. Estes servizos e programas serán:

1.º Servizos e programas cuxa execución afecte un ámbito xeográfico superior ao dunha comunidade autónoma, cando estes exixan a mobilidade xeográfica das persoas desempregadas ou traballadoras participantes neles a outra comunidade autónoma distinta á súa, ou a outro país, e precisen dunha coordinación unificada.

2.º Programas cuxa execución afecte un ámbito xeográfico superior ao dunha comunidade autónoma sen que implique a mobilidade xeográfica dos desempregados ou traballadores participantes neles, cando precisen unha coordinación unificada e logo de acordo entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas en que se vaian executar os citados programas.

3.º Servizos e programas dirixidos tanto ás persoas demandantes de emprego como ás persoas ocupadas, para a mellora da súa ocupación, mediante a colaboración do Servizo Público de Emprego Estatal con órganos da Administración xeral do Estado ou cos seus organismos autónomos, para a realización de accións formativas, entre outras, aquelas que teñan como obxectivo a xeración de emprego de calidade e a mellora de oportunidades das persoas traballadoras, en particular cando se desenvolvan no marco de plans, estratexias ou programas de ámbito estatal, e execución de obras e servizos de interese xeral e social relativos a competencias exclusivas do Estado.

4.º Servizos e programas de intermediación e políticas activas de emprego cuxo obxectivo sexa a integración laboral de traballadores inmigrantes, realizados nos seus países de orixe, para facilitar a ordenación dos fluxos migratorios.

5.º Programas que se establezan con carácter excepcional e duración determinada, cuxa execución afecte todo o territorio nacional, e que sexa imprescindible a súa xestión centralizada para os efectos de garantir a súa efectividade, así como idénticas posibilidades de obtención e desfrute a todos os potenciais beneficiarios.

A reserva de crédito a que fai referencia este parágrafo dotarase anualmente, logo de informe da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, mediante a Lei de orzamentos xerais do Estado. Dos resultados das actuacións financiadas con cargo a estes informarase anualmente a dita conferencia sectorial.

i) Levar a cabo investigacións, estudos e análises sobre a situación do mercado de traballo e os instrumentos para melloralo, en colaboración coas respectivas comunidades autónomas.

j) A xestión e o control das prestacións por desemprego, sen prexuízo do labor de vixilancia e exixencia do cumprimento das normas legais e regulamentarias sobre obtención e desfrute das prestacións do Sistema da Seguridade Social que o artigo 12 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, atribúe aos funcionarios do corpo superior de inspectores de traballo e seguridade social e do corpo de subinspectores laborais. Para os efectos de garantir a coordinación entre políticas activas de emprego e prestacións por desemprego, a xestión desta prestación desenvolverase mediante sistemas de cooperación cos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas. O Servizo Público de Emprego Estatal deberá colaborar coas comunidades autónomas que asumisen o traspaso das competencias.

k) Coordinar e impulsar accións de mobilidade no ámbito estatal e europeo, así como exercer a representación do Estado español na rede Eures.

l) Calquera outra competencia que legal ou regulamentariamente se lle atribúa.

CAPÍTULO III

Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas

Artigo 19. *Concepto e competencias.*

1. Enténdese por servizo público de emprego das comunidades autónomas os seus órganos ou entidades aos cales as ditas administracións encomenden, nos seus respectivos ámbitos territoriais, o exercicio das funcións necesarias para a xestión da intermediación laboral, segundo o establecido nos artigos do 31 ao 35, ambos inclusive, e das políticas activas de emprego, a que se refiren os artigos do 36 ao 40, ambos inclusive.

2. Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas deseñarán e establecerán, no exercicio das súas competencias, as medidas necesarias para determinar

as actuacións das entidades que colaboren con eles na execución e no desenvolvemento das políticas activas de emprego e na xestión da intermediación laboral.

3. Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas participarán na elaboración da Estratexia española de activación para o emprego e dos plans anuais de política de emprego.

4. As comunidades autónomas, no exercicio das súas competencias de execución das políticas de activación para o emprego, poderán elaborar os seus propios plans de política de emprego, de acordo cos obxectivos dos plans anuais de política de emprego e en coherencia coas orientacións e cos obxectivos da Estratexia española de activación para o emprego.

Artigo 20. *Organización.*

Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, en función da súa capacidade de autoorganización, dotaranse dos órganos de dirección e estrutura para prestación do servizo ao cidadán.

Os ditos servizos públicos de emprego contarán coa participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas nos órganos de representación de carácter consultivo, na forma en que o prevexan as comunidades autónomas; a dita participación terá carácter tripartito e paritario.

CAPÍTULO IV

Financiamento

Artigo 21. *Réxime orzamentario de fondos de emprego de ámbito nacional.*

1. O Estado, a través do Servizo Público de Emprego Estatal, ten as competencias en materia de fondos de emprego de ámbito nacional, que figurarán no seu orzamento debidamente identificados e desagregados.

Os ditos fondos, que non forman parte do custo efectivo dos traspasos de competencias de xestión ás comunidades autónomas, distribuiranse de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, cando correspondan a programas cuxa xestión foi transferida.

2. Na distribución dos fondos ás comunidades autónomas acordada na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais identificarase aquela parte deles destinada a políticas activas de emprego para os colectivos que especificamente se determinen de acordo coas prioridades da Estratexia española de activación para o emprego e tendo en conta as peculiaridades existentes nas diferentes comunidades autónomas, co fin de garantir o seu cumprimento.

Serán obxecto de devolución ao Servizo Público de Emprego Estatal os fondos con destino específico que non se utilizasen para tal fin, salvo que por circunstancias excepcionais, sobrevidas e de urxente atención os ditos fondos se deban utilizar para outros colectivos dentro das finalidades orzamentarias específicas, precisando noutro caso informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. En todo caso, o Servizo Público de Emprego Estatal e o correspondente órgano da comunidade autónoma acordarán a reasignación de tales fondos, reasignación que en ningún caso dará lugar á modificación do orzamento deste organismo.

3. Con carácter previo á distribución dos fondos que no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais se acorde destinar a posibilitar as funcións de intermediación laboral, sen barreiras territoriais, nos termos do artigo 12, o Servizo Público de Emprego Estatal comprobará o cumprimento por parte dos servizos públicos de emprego do establecido no artigo 13.b).2.º

Se o Servizo Público de Emprego Estatal detecta o incumprimento desta obrigaición por parte dalgunha comunidade autónoma, non aboará as cantidades debidas mentres non se emende esta situación. Para estes efectos, o Servizo Público de Emprego Estatal

comunicará ás comunidades autónomas que se encontren nesta situación a necesidade de emendar o incumprimento detectado.

4. Do total dos fondos de emprego de ámbito nacional establecerase unha reserva de crédito, non suxeita á distribución a que se fai referencia nos números anteriores, para que o Servizo Público de Emprego Estatal xestione os servizos e programas sinalados no artigo 18.h).

Artigo 22. *Políticas activas de emprego cofinanciadas polos fondos da Unión Europea.*

1. Na distribución dos fondos que deben xestionar as comunidades autónomas aos cales se refire o artigo 21, segundo o procedemento previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, identificaranse os programas cofinanciados polos fondos da Unión Europea.

2. Cando as políticas activas de emprego estean cofinanciadas por fondos da Unión Europea, as comunidades autónomas que asumisen a súa xestión asumirán, igualmente, a responsabilidade financeira derivada do cumprimento dos requisitos recollidos na lexislación comunitaria aplicable.

Artigo 23. *Órganos de seguimento e control dos fondos de emprego de ámbito nacional.*

1. Son órganos de seguimento e control dos fondos de emprego de ámbito nacional:

- a) O Servizo Público de Emprego Estatal.
- b) Os órganos das comunidades autónomas, respecto da xestión transferida.
- c) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- d) A Intervención Xeral da Administración do Estado.
- e) O Tribunal de Contas.

f) Na medida en que os fondos estean cofinanciados pola Unión Europea, os órganos correspondentes desta, así como, no ámbito estatal, os organismos designados como autoridades de xestión e autoridades pagadoras dos fondos estruturais.

2. As accións de control exerceranas os ditos órganos de conformidade coa normativa que lles é de aplicación.

Artigo 24. *Fondo de políticas de emprego.*

1. No Servizo Público de Emprego Estatal constituirase un fondo de políticas de emprego, coa finalidade de atender necesidades futuras de financiamento na execución dos servizos e programas que integran as políticas activas de emprego.

2. O Fondo de políticas de emprego financiarase:

a) Co 10 % dos remanentes de créditos non comprometidos polas comunidades autónomas na execución dos servizos e programas de políticas activas de emprego, que se integren no orzamento de ingresos do Servizo Público de Emprego Estatal.

b) Co 10 % dos remanentes de crédito non executados polo Servizo Público de Emprego Estatal nos servizos e programas incluídos no artigo 18.h).

c) Co saldo de maior recadación da cota de formación profesional para o emprego, que se obterá como diferenza positiva entre a liquidación das cotas de formación profesional para o emprego efectivamente imputadas ao orzamento de ingresos do Servizo Público de Emprego Estatal en cada exercicio e as establecidas no orzamento inicial.

d) Con calquera outro ingreso do Servizo Público de Emprego Estatal que se deba integrar neste fondo nos termos establecidos na normativa que o regule.

3. Integraranse adicionalmente no dito fondo, sempre que as posibilidades económicas e a situación financeira o permitan:

a) Até un máximo do 10 % dos remanentes de créditos non comprometidos polas comunidades autónomas na execución dos servizos e programas de políticas activas de

emprego, que se integren no orzamento de ingresos do Servizo Público de Emprego Estatal.

b) Até un máximo do 10 % dos remanentes de crédito non executados polo Servizo Público de Emprego Estatal nos servizos e programas incluídos no artigo 18.h).

c) Até un máximo do 20 % dos reintegros que as comunidades autónomas realizen con motivo da execución dos plans de traballo dos centros de referencia nacional.

Para os efectos de realizar as correspondentes dotacións, establécese como condición mínima para considerar que a situación financeira a permite, que o resultado orzamentario do exercicio sexa positivo. O resultado orzamentario de cada exercicio obtense, en aplicación da lexislación contable e orzamentaria vixente en cada momento, como diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigacións recoñecidas netas de cada exercicio.

4. O Servizo Público de Emprego Estatal abrirá unha conta no Banco de España para os efectos de realizar as operacións financeiras que legalmente estean permitidas coas dotacións do Fondo de políticas de emprego.

5. As dotacións efectivas e materializacións do Fondo de políticas de emprego serán as acordadas, en cada exercicio económico, polo Consello de Ministros, por proposta conxunta das persoas titulares dos ministerios de Emprego e Seguridade Social e de Facenda e Administracións Públicas.

Os rendementos de calquera natureza que xeren a conta do Fondo de políticas de emprego e os activos financeiros en que se materializasen as dotacións deste integraranse automaticamente nel.

6. A disposición dos activos do Fondo de políticas de emprego destinarase exclusivamente a financiar:

a) Os servizos e programas que integran as políticas activas de emprego, xestionadas tanto polo Servizo Público de Emprego Estatal como polos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas. As contías procedentes do número 2.c) destinaranse a accións de formación profesional para o emprego.

b) O saldo de menor recadación da cota de formación profesional para o emprego, considerando este como a diferenza negativa entre a liquidación das cotas de formación profesional para o emprego efectivamente imputadas ao orzamento de ingresos do Servizo Público de Emprego Estatal en cada exercicio e as establecidas no orzamento inicial.

c) Os gastos necesarios para a xestión do fondo.

Precisarase autorización previa do Consello de Ministros, por proposta conxunta das persoas titulares dos ministerios de Emprego e Seguridade Social e de Facenda e Administracións Públicas, para proceder á disposición dos activos do fondo.

Os valores en que se materialice o Fondo de políticas de emprego serán títulos emitidos por persoas xurídicas públicas.

7. Regulamentariamente determinaranse os valores que deben constituír a carteira do citado fondo, os graos de liquidez desta, os supostos de alleamento dos activos financeiros que o integran e os demais actos de xestión financeira.

8. Para o control e a ordenación da xestión económica do Fondo de políticas de emprego créase o Comité de Xestión do mencionado fondo.

O dito comité estará presidido pola persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal e comporase, ademais, de seis membros: dous designados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, un dos cales realizará as funcións de vicepresidente; un designado pola Intervención Xeral da Administración do Estado; dous designados pola Secretaría de Estado de Emprego, un dos cales actuará como secretario do Comité, con voz e sen voto, e un en representación das comunidades autónomas, con voz e sen voto, que será quen desempeñe, en cada momento, a vicepresidencia polas comunidades autónomas do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

Este comité terá as funcións de formular propostas de ordenación, asesoramento e selección de valores que deben constituír a carteira do fondo, alleamento de activos

financeiros que o integren e demais actuacións que os mercados financeiros aconsellen, así como elaborar un informe anual.

O Comité de Xestión do Fondo de políticas de emprego poderá contar co asesoramento de expertos nos termos que regulamentariamente se determinen.

9. Para efectos de realizar un adecuado seguimento do Fondo de políticas de emprego, a Comisión Executiva do Servizo Público de Emprego Estatal será informada semestralmente da súa evolución e composición.

10. As materializacións, os investimentos, os reinvestimentos e os desinvestimentos e demais operacións de adquisición, disposición e xestión dos activos financeiros do Fondo de políticas de emprego correspondentes a cada exercicio terán carácter extraorxamentario e imputaranse definitivamente o último día hábil deste ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal, conforme a situación patrimonial do dito fondo nesa data, para cuxo efecto serán obxecto de adecuación os créditos orzamentarios.

11. O Goberno presentará ás Cortes Xerais un informe anual sobre a evolución e composición do Fondo de políticas de emprego.

O Goberno remitirá o dito informe ás Cortes Xerais a través da súa Oficina Orzamentaria, que o porá á disposición dos deputados, dos senadores e das comisións parlamentarias.

12. O Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, a través da súa Comisión Permanente, realizará o seguimento das propostas de ordenación, selección de valores que deben constituír a carteira do fondo, alleamento de activos financeiros que o integren e demais actuacións que os mercados financeiros aconsellen, así como da súa evolución.

Artigo 25. Financiamento autonómico das políticas activas de emprego.

As políticas activas de emprego desenvolvidas nas comunidades autónomas cuxo financiamento non corresponda ao Servizo Público de Emprego Estatal ou, se for o caso, as complementarias das do Servizo Público de Emprego Estatal, financiaranse, se for o caso, coas correspondentes partidas que os orzamentos da comunidade autónoma establezan, así como coa participación nos fondos procedentes da Unión Europea.

TÍTULO II

Servizos do Sistema nacional de emprego prestados polos servizos públicos de emprego

CAPÍTULO I

Usuarios dos servizos

Artigo 26. Persoas e empresas usuarias dos servizos.

Os servizos públicos de emprego prestarán servizos ás persoas desempregadas, ás persoas ocupadas e ás empresas, independentemente da súa forma xurídica. A carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego recollerá os servizos cuxa prestación debe ser garantida en todo o territorio nacional e por todos os servizos públicos de emprego.

Artigo 27. Carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego.

1. A carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego, que se regulará regulamentariamente, ten por obxecto garantir, en todo o Estado, o acceso en condicións de igualdade aos servizos públicos de emprego e aos servizos prestados por estes, e a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego, e constituíe un compromiso dos servizos públicos de emprego coas persoas e empresas usuarias destes servizos. En todo caso, garantirase aos traballadores desempregados o acceso gratuíto aos servizos prestados polos servizos públicos de emprego.

2. A carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego recollerá os servizos comúns que prestarán os servizos públicos de emprego ás persoas, tanto desempregadas como ocupadas, e ás empresas. Cada servizo público de emprego poderá establecer a súa propia carteira de servizos, que incluírá, ademais da carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego, aqueles outros servizos complementarios que o servizo público de emprego determine no ámbito das súas competencias, atendendo á evolución do seu mercado de traballo, ás necesidades das persoas e empresas, ás prioridades establecidas no marco do Sistema nacional de emprego e aos recursos dispoñibles.

3. O acceso a determinados servizos do Sistema Nacional de Emprego requirirá a inscrición como demandante de emprego tanto das persoas desempregadas como das ocupadas.

CAPÍTULO II

Acceso das persoas desempregadas aos servizos

Artigo 28. *Enfoque personalizado dos servizos.*

1. O acceso das persoas desempregadas aos servizos públicos de emprego efectuarase mediante a súa inscrición e recollida de datos nunha entrevista inicial, que comportará unha valoración dos servizos que require para a súa inserción laboral. De acordo con isto, e en colaboración coas persoas desempregadas, determinarase, se procede, o comezo dun itinerario individual e personalizado de emprego en función do perfil profesional, competencias profesionais, necesidades e expectativas da persoa, xunto á situación do mercado de traballo e a criterios vinculados coa percepción de prestacións, a pertenza a colectivos definidos como prioritarios e aqueles que se determinen no marco do Sistema nacional de emprego.

2. A articulación do itinerario individual e personalizado de emprego configúrase como un dereito para as persoas desempregadas e como unha obriga para os servizos públicos de emprego.

Artigo 29. *Itinerario individual e personalizado de emprego.*

1. O itinerario individual e personalizado de emprego recollerá, a partir dunha entrevista de diagnóstico individualizada, as accións da carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego e servizos específicos, que ofrece o servizo público de emprego á persoa demandante de emprego, acordos coas súas necesidades, cos seus requirimentos e co obxectivo que se pretende conseguir.

A elaboración destes itinerarios estenderase a toda a poboación desempregada.

2. Para a realización do itinerario individual e personalizado de emprego será necesaria a subscripción e sinatura dun acordo persoal de emprego. Mediante este acordo, por unha parte, a persoa beneficiaria do itinerario comprométese a participar activamente nas accións para a mellora da súa empregabilidade e de busca activa de emprego, ou á posta en marcha dunha iniciativa empresarial e, por outra parte, o servizo público de emprego comprométese á asignación e planificación das accións e medidas necesarias. No caso de persoas beneficiarias de prestacións e subsidios por desemprego, este acordo persoal de emprego formará parte do compromiso de actividade establecido no artigo 41.

3. O incumprimento, por causas non xustificadas, do acordo persoal de emprego dará lugar ás sancións previstas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto. Para estes efectos, os incumprimentos por parte de persoas que sexan beneficiarias de prestacións e subsidios por desemprego suporán un incumprimento do compromiso de actividade suscrito por elas.

4. Os servizos públicos de emprego serán responsables da realización, seguimento, avaliación e posible redefinición dos itinerarios individuais e personalizados de emprego e,

se for o caso, derivarán a realización das accións que deben desenvolver as persoas demandantes de emprego ás entidades colaboradoras. En todo caso, fixaranse as actuacións propias dos servizos públicos de emprego e as que poderán ser concertadas.

Artigo 30. *Colectivos prioritarios.*

1. O Goberno e as comunidades autónomas adoptarán, de acordo cos preceptos constitucionais e estatutarios, así como cos compromisos asumidos no ámbito da Unión Europea e na Estratexia española de activación para o emprego, programas específicos destinados a fomentar o emprego das persoas con especiais dificultades de integración no mercado de traballo, especialmente a mocidade, con particular atención a aqueles con déficit de formación, mulleres, parados de longa duración, maiores de 45 anos, persoas con responsabilidades familiares, persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, e inmigrantes, con respecto á lexislación de estranxeiría, ou outros que se poidan determinar, no marco do Sistema nacional de emprego.

2. Tendo en conta as especiais circunstancias destes colectivos, os servizos públicos de emprego asegurarán o deseño de itinerarios individuais e personalizados de emprego que combinen as diferentes medidas e políticas, debidamente ordenadas e axustadas ao perfil profesional das persoas que os integran e ás súas necesidades específicas. Cando isto sexa necesario, os servizos públicos de emprego valorarán a necesidade de coordinación cos servizos sociais para dar unha mellor atención a estas persoas.

TÍTULO III

Instrumentos da política de emprego

CAPÍTULO I

A intermediación laboral

Artigo 31. *Concepto da intermediación laboral.*

1. A intermediación laboral é o conxunto de accións que teñen por obxecto pór en contacto as ofertas de traballo cos traballadores que buscan un emprego, para a súa colocación. A intermediación laboral ten como finalidade proporcionar aos traballadores un emprego adecuado ás súas características e facilitar aos empregadores os traballadores máis apropiados aos seus requirimentos e necesidades.

2. Tamén se considerará intermediación laboral a actividade destinada á recolocación dos traballadores que resulten excedentes en procesos de reestruturación empresarial, cando aquela fose establecida ou acordada cos traballadores ou cos seus representantes nos correspondentes plans sociais ou programas de recolocación.

3. Con independencia do axente que a realice, a intermediación laboral ten a consideración dun servizo de carácter público.

Artigo 32. *Axentes da intermediación.*

Para efectos do Sistema nacional de emprego, a intermediación no mercado de traballo realizarase a través:

- a) Dos servizos públicos de emprego.
- b) Das axencias de colocación.
- c) Daqueloutros servizos que regulamentariamente se determinen para os traballadores no exterior.

Artigo 33. *Axencias de colocación.*

1. Para efectos do previsto nesta lei, entenderanse por axencias de colocación aquelas entidades públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que realicen actividades de intermediación laboral de acordo co establecido no artigo 31, ben como colaboradoras dos servizos públicos de emprego ben de forma autónoma pero coordinada con eles. Así mesmo, poderán desenvolver actuacións relacionadas coa busca de emprego, tales como orientación e información profesional, e coa selección de persoal.

As empresas de recolocación son axencias de colocación especializadas na actividade a que se refire o artigo 31.2.

A actividade das axencias de colocación poderase realizar en todo o territorio español.

2. As persoas físicas ou xurídicas, incluídas as empresas de traballo temporal, que desexen actuar como axencias de colocación deberán presentar, con carácter previo, unha declaración responsable. Esta declaración responsable presentarase ante o Servizo Público de Emprego Estatal no suposto de que a axencia pretenda realizar a súa actividade desde centros de traballo establecidos en dúas ou máis comunidades autónomas ou utilizando exclusivamente medios electrónicos ou polo equivalente da comunidade autónoma, no caso de que a axencia pretenda desenvolver a súa actividade desde centros de traballo establecidos unicamente no territorio desa comunidade.

As axencias de colocación poderán iniciar a súa actividade desde o día da presentación da declaración responsable, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as administracións competentes.

A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se xuntase ou incorporase á declaración responsable, determinarán a imposibilidade de continuar coa actividade como axencia de colocación, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

3. Regulamentariamente establecerase un sistema electrónico común que permita integrar o conxunto da información proporcionada polo Servizo Público de Emprego Estatal e polos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas respecto ás axencias de colocación, de maneira que estes poidan coñecer en todo momento as axencias que operan no seu territorio.

4. En todo caso, sen prexuízo das obrigacións previstas neste capítulo e das específicas que se determinen regulamentariamente, as axencias de colocación deberán:

a) Subministrar aos servizos públicos de emprego a información que se determine por vía regulamentaria, coa periodicidade e a forma que alí se estableza sobre os traballadores atendidos e as actividades que desenvolven, así como sobre as ofertas de emprego e os perfís profesionais que correspondan con esas ofertas.

b) Respetar a intimidade e dignidade dos traballadores e cumprir a normativa aplicable en materia de protección de datos e garantir aos traballadores a gratuidade pola prestación de servizos.

c) Dispor de sistemas electrónicos compatibles e complementarios cos dos servizos públicos de emprego.

d) Cumprir a normativa vixente en materia laboral e de seguridade social.

e) Cumprir coas normas sobre accesibilidade universal das persoas con discapacidade e, en particular, velar pola correcta relación entre as características dos postos de traballo ofertados e o perfil académico e profesional requirido, co fin de non excluír as persoas con discapacidade do acceso ao emprego.

f) Garantir, no seu ámbito de actuación, o principio de igualdade no acceso ao emprego. Non poderán establecer ningunha discriminación, directa ou indirecta, baseada en motivos de orixe, incluída a racial ou étnica, sexo, idade, estado civil, relixión ou conviccións, opinión política, orientación sexual, afiliación sindical, condición social, lingua dentro do Estado e discapacidade, sempre que os traballadores estean en condicións de aptitude para desempeñar o traballo ou emprego de que se trate.

5. As axencias de colocación poderán ser consideradas entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego, co alcance previsto nas normas de desenvolvemento desta lei.

O instrumento xurídico en que se articule esta colaboración deberá regular os mecanismos de comunicación por parte das axencias de colocación dos incumprimentos das obrigacións dos traballadores e dos solicitantes e beneficiarios de prestacións por desemprego previstas no texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

6. As empresas de traballo temporal poderán actuar como axencias de colocación se se axustan ao establecido respecto das ditas axencias nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, incluída a obrigación de garantir aos traballadores a gratuidade pola prestación de servizos.

Artigo 34. *Principios básicos da intermediación laboral.*

1. A intermediación laboral realizada polos servizos públicos de emprego e polas axencias de colocación, así como as accións de intermediación que poidan realizar outras entidades colaboradoras daqueles, prestaranse de acordo cos principios constitucionais de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e non discriminación, e garantirase a plena transparencia no seu funcionamento.

Os servizos públicos de emprego, axencias e entidades sinalados no parágrafo anterior someterán a súa actuación no tratamento de datos dos traballadores á normativa aplicable en materia de protección de datos.

2. Co fin de asegurar o cumprimento dos citados principios, os servizos públicos de emprego garantirán que o proceso específico de selección e casación entre oferta de traballo e demanda de emprego corresponda, con carácter xeral, ao servizo público de emprego e ás axencias de colocación.

No suposto de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, os servizos públicos de emprego poderán contar con entidades colaboradoras especializadas para realizar o proceso a que se refire o parágrafo anterior.

3. Os servizos públicos de emprego asumen a dimensión pública da intermediación laboral, ben que poderán establecer con outras entidades e con axencias de colocación, convenios, acordos ou outros instrumentos de coordinación que teñan por obxecto favorecer a colocación de demandantes de emprego.

4. A intermediación laboral realizada polos servizos públicos de emprego, por si mesmos ou a través das entidades ou axencias de colocación cando realicen actividades incluídas no ámbito da colaboración con aqueles, conforme o establecido neste capítulo, realizarase de forma gratuíta para os traballadores e para os empregadores.

A intermediación realizada polas axencias de colocación con independencia dos servizos públicos de emprego deberá garantir aos traballadores a gratuidade pola prestación de servizos, e non se lles poderá exixir ningunha contraprestación por estes.

5. Para efectos da intermediación que realicen os servizos públicos de emprego e, se for o caso, as entidades colaboradoras destes e da execución dos programas e medidas de políticas activas de emprego, terán exclusivamente a consideración de demandantes de emprego aqueles que se inscriban como tales nos ditos servizos públicos de emprego.

Artigo 35. *Discriminación no acceso ao emprego.*

1. Os servizos públicos de emprego, as súas entidades colaboradoras e as axencias de colocación na xestión da intermediación laboral deberán velar especificamente para evitar a discriminación, tanto directa como indirecta, no acceso ao emprego.

Os xestores da intermediación laboral, cando aprecien carácter discriminatorio nas ofertas de colocación, comunicaránllo a aqueles que formularon a oferta.

2. En particular, consideraranse discriminatorias as ofertas referidas a un dos sexos, salvo que se trate dun requisito profesional esencial e determinante da actividade que se vaia desenvolver.

En todo caso, considerárase discriminatoria a oferta referida a un só dos sexos baseada en exixencias do posto de traballo relacionadas co esforzo físico.

CAPÍTULO II

As políticas activas de emprego

Artigo 36. *Concepto das políticas activas de emprego.*

1. Enténdese por políticas activas de emprego o conxunto de servizos e programas de orientación, emprego e formación profesional para o emprego no ámbito laboral dirixidas a mellorar as posibilidades de acceso ao emprego, por conta allea ou propia, das persoas desempregadas, ao mantemento do emprego e á promoción profesional das persoas ocupadas e ao fomento do espírito empresarial e da economía social.

As políticas definidas no parágrafo anterior deberanse desenvolver en todo o Estado, tendo en conta a Estratexia española de activación para o emprego, os contidos comúns establecidos na normativa estatal de aplicación, as necesidades dos demandantes de emprego e os requirimentos dos respectivos mercados de traballo, de maneira coordinada entre os axentes de formación profesional para o emprego no ámbito laboral e intermediación laboral que realizan tales accións, con obxecto de favorecer a colocación dos demandantes de emprego.

2. As ditas políticas complementaranse e relacionaranse, se for o caso, coa protección por desemprego regulada no texto refundido da Lei xeral da seguridade social. A acción protectora por desemprego a que se refire o artigo 206 do referido texto legal comprende as prestacións por desemprego de nivel contributivo e asistencial e as accións que integran as políticas activas de emprego.

3. Os recursos económicos destinados ás políticas activas de emprego serán xestionados polos servizos públicos de emprego, que poderán desenvolver os servizos e programas que consideren necesarios, tendo en conta os aspectos recollidos no número 1 deste artigo, e que se incluírán nos plans anuais de política de emprego e estarán integrados nos eixes establecidos no artigo 10.4.

Estes servizos e programas poderán ser xestionados mediante a concesión de subvencións públicas, contratación administrativa, subscripción de convenios, xestión directa ou calquera outra forma xurídica axustada a dereito.

Artigo 37. *Principios xerais das políticas activas de emprego.*

1. No deseño e execución das políticas activas de emprego deben estar presentes os seguintes principios xerais:

a) O tratamento individualizado e especializado ás persoas en situación de desemprego para mellorar a súa empregabilidade, así como ás persoas ocupadas para contribuír á calidade e mantemento do seu emprego.

b) A resposta ás necesidades das empresas en materia de capital humano, emprego e formación.

c) O fomento do autoemprego e a iniciativa emprendedora, especialmente no marco da economía sustentable e dos novos viveiros de emprego, incluíndo a atención e o acompañamento ás persoas emprendedoras na posta en marcha da súa iniciativa empresarial.

d) A igualdade de oportunidades e non discriminación no acceso ao emprego, nos termos previstos no artigo 2.a). En particular, terase en conta de maneira activa o obxectivo da igualdade de trato entre mulleres e homes para garantir na práctica a plena igualdade por razón de sexo.

e) A adecuación ás características do territorio, tendo en conta a realidade do mercado de traballo e as peculiaridades locais e sectoriais.

2. Estes principios informarán, pola súa vez, todas as actuacións das entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego.

Artigo 38. Desenvolvemento das políticas activas de emprego.

Os servizos e programas de políticas activas de emprego darán cobertura aos eixes establecidos no artigo 10.4 e serán deseñados e desenvolvidos polas comunidades autónomas e polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito das súas competencias, tendo en conta os contidos comúns establecidos na normativa estatal de aplicación. Para estes efectos, regulamentariamente estableceranse servizos, programas e contidos comúns que serán de aplicación en todo o territorio do Estado. Este desenvolvemento regulamentario incluírá un marco legal de medidas estatais de políticas activas de emprego dirixidas de maneira integrada a favorecer a inclusión laboral das persoas con discapacidade, que establecerá os contidos mínimos que serán de aplicación no conxunto do Estado.

Artigo 39. Avaliación continuada das políticas activas de emprego.

Anualmente, o Goberno presentará unha memoria sobre o gasto, incluído o necesario para a xestión do sistema, e os resultados das políticas activas de emprego no conxunto do Estado co obxectivo de outorgar maior transparencia ás políticas de emprego e de formación, ao tempo que contribúe a garantir a eficacia e eficiencia do gasto en consonancia cos obxectivos fixados.

Nela incluírase unha epígrafe destinada á avaliación da mellora dos procedementos da iniciativa de formación programada polas empresas, en canto á redución das cargas burocráticas, rixideces do sistema e incorporación das pequenas e medianas empresas.

Artigo 40. Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

1. O Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral está constituído polo conxunto de iniciativas, programas e instrumentos que teñen como finalidade impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados e desempregados unha formación que contribúa ao desenvolvemento persoal e profesional dos traballadores e á súa promoción no traballo, que responda ás necesidades do mercado laboral e estea orientada á mellora da empregabilidade dos traballadores e á competitividade empresarial, conforme os fins e principios establecidos na Lei orgánica 5/2002, das cualificacións e a formación profesional, e na normativa reguladora do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

2. Sen prexuízo das competencias de execución das comunidades autónomas, a Administración xeral do Estado, no exercicio da súa competencia normativa plena, exercerá a coordinación no deseño estratéxico do sistema. Pola súa parte, as organizacións empresariais e sindicais máis representativas participarán nos órganos de gobernanza do sistema e, en particular, no deseño, planificación, programación, control, seguimento, avaliación e difusión da formación profesional para o emprego, especialmente na dirixida aos traballadores ocupados, nos termos previstos na normativa reguladora do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral. Esta participación levarase a cabo directamente ou a través de estruturas paritarias sectoriais.

3. No marco da planificación estratéxica do conxunto do sistema, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, coa participación das comunidades autónomas, das organizacións empresariais e sindicais máis representativas e das organizacións representativas de autónomos e da economía social, elaborará un escenario plurianual da formación profesional para o emprego e desenvolverá un sistema eficiente de observación e prospección do mercado de traballo para detectar e anticipar os cambios nas demandas de cualificación e competencias do tecido produtivo.

4. O Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral disporá dun financiamento suficiente, estable e equitativo, que incluírá o proveniente da cota de

formación profesional, co fin de outorgarlle estabilidade ao propio sistema. Este financiamento deberase xestionar en réxime de concorrencia competitiva aberta a todos os provedores de formación, acreditados e/ou inscritos conforme a normativa vixente, para a impartición de toda a programación formativa das distintas administracións públicas.

As administracións competentes, logo de consulta coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, poderán decidir a implantación progresiva dun cheque formación para traballadores desempregados, delimitando os sectores en que se aplicará. Para tal efecto, regulamentariamente determinaranse os requisitos e as condicións para o seu desfrute. Así mesmo, no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais analizaranse a súa posta en marcha e os mecanismos para a súa avaliación.

5. As iniciativas e as accións de formación profesional para o emprego estarán dirixidas á adquisición, mellora e actualización permanente das competencias e cualificacións profesionais, favorecerán a formación ao longo de toda a vida da poboación activa e conxugarán as necesidades das persoas, as empresas, os territorios e os sectores produtivos.

6. As administracións públicas competentes promoverán o mantemento dunha rede de entidades de formación, públicas e privadas, que, xunto aos seus centros propios, garanta unha permanente oferta de formación para o emprego de calidade.

Así mesmo, realizarán un seguimento e control efectivo das accións formativas, que comprenderá a totalidade das iniciativas e modalidades de impartición e se ampliará máis aló da mera comprobación de requisitos e formalidades, incorporando os resultados da formación e contribuíndo á garantía da súa calidade. Para isto, reforzarán os seus instrumentos e medios de control, así como a súa capacidade sancionadora, a través dunha unidade especial da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

7. O certificado de profesionalidade é o instrumento de acreditación, no ámbito laboral, das cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais adquiridas a través de procesos formativos ou do proceso de recoñecemento da experiencia laboral e de vías non formais de formación.

8. O Sistema de formación profesional para o emprego contará cun sistema integrado de información que garanta a rastrexabilidade das accións formativas e a comparabilidade, a coherencia e a actualización permanente de toda a información sobre formación profesional para o emprego, que quedará recollida nun portal único que interconecte os servizos autonómicos de emprego co estatal e faga que os seus formatos sexan homoxéneos.

9. As administracións públicas competentes impulsarán a súa colaboración e coordinación para a mellora da calidade, eficacia e eficiencia do Sistema de formación profesional para o emprego. Así mesmo, impulsarán procesos de avaliación permanente e en todas as fases do proceso formativo, como garantía de calidade da formación, de maneira que permitan coñecer o seu impacto no acceso e mantemento do emprego.

CAPÍTULO III

A coordinación entre as políticas activas e a protección económica fronte ao desemprego

Artigo 41. *A inscrición como demandantes de emprego e a subscrición do compromiso de actividade dos beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego.*

1. Os solicitantes e beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego, conforme o establecido no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, deberanse inscribir e manter a inscrición como demandantes de emprego no servizo público de emprego, o que implicará a subscrición ante este do compromiso de actividade, e deberán cumprir as exixencias do dito compromiso, que quedarán recollidas no documento de renovación da demanda.

Non obstante, unha vez inscritos e sen prexuízo de seguir mantendo a dita inscrición, os solicitantes e beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego que o desexen poderán requirir os servizos das axencias de colocación.

2. A inscrición como demandante de emprego realizarase con plena dispoñibilidade para aceptar unha oferta de colocación adecuada e para cumprir o resto de exixencias derivadas do compromiso de actividade, o cal se entenderá suscrito desde a data da solicitude das prestacións e subsidios por desemprego.

3. As administracións públicas competentes na intermediación laboral e na xestión de políticas activas de emprego garantirán a súa aplicación aos beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego, no marco das actuacións que se poidan establecer de acordo co previsto no artigo 21.2. Para estes efectos, deberase atender mediante as ditas actuacións, como mínimo, ao volume de beneficiarios proporcional á participación que estes teñan no total de desempregados do seu territorio.

4. Os beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego inscritos nos servizos públicos de emprego, unha vez que subscribisen o compromiso de actividade, deberán participar nas políticas activas de emprego que se determinen no itinerario de inserción, sen prexuízo do disposto no texto refundido da Lei xeral da seguridade social. Os servizos públicos de emprego competentes verificarán o cumprimento das obrigacións derivadas da subscripción do compromiso de actividade dos beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego, e comunicarán a sanción imposta, se for o caso, no momento en que se imponha, ao Servizo Público de Emprego Estatal ou ao Instituto Social da Mariña, segundo corresponda, para a súa execución.

Os servizos públicos de emprego competentes verificarán, así mesmo, o cumprimento da obrigaón dos ditos beneficiarios de manterse inscritos como demandantes de emprego, e deberán comunicar os incumprimentos desta obrigaón ao Servizo Público de Emprego Estatal ou, se for o caso, ao Instituto Social da Mariña, no momento en que se produzan ou coñezan. A dita comunicación poderase realizar por medios electrónicos e será documento suficiente para que o Servizo Público de Emprego Estatal ou, se for o caso, o Instituto Social da Mariña, inicie o procedemento sancionador que corresponda.

Artigo 42. Cooperación e colaboración entre os servizos públicos de emprego que xestionan as políticas activas e o Servizo Público de Emprego Estatal en materia de protección económica fronte ao desemprego.

1. As administracións e os organismos públicos que teñan atribuídas a competencia da xestión do emprego e o Servizo Público de Emprego Estatal deberán cooperar e colaborar no exercicio das súas competencias, garantindo a coordinación das distintas actuacións de intermediación e inserción laboral e as de solicitude, recoñecemento e percepción das prestacións por desemprego, a través dos acordos que se adopten na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e dos convenios de colaboración que se alcancen, en aplicación do previsto nos artigos 5 e 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nestes convenios de colaboración poderanse establecer as condicións de utilización das cantidades non executadas no financiamento de gastos das distintas prestacións por desemprego, para financiar programas de fomento do emprego e de formación profesional para o emprego, sempre que a diminución dos gastos inicialmente previstos se deba ao efectivo cumprimento polas administracións públicas competentes das funcións establecidas nos números 3 e 4 do artigo anterior.

2. Nese marco fixarase a conexión dos procesos de xestión e dos sistemas de información relacionados, a colaboración na execución das actividades, a comunicación da información necesaria para o exercicio das respectivas competencias, a prestación integrada de servizos aos demandantes de emprego solicitantes e beneficiarios de prestacións por desemprego, e a aplicación de intermediación, de medidas de inserción laboral e de plans de mellora da ocupabilidade e de comprobación da dispoñibilidade do colectivo.

Disposición adicional primeira. *Identificación do Servizo Público de Emprego Estatal.*

O Instituto Nacional de Emprego pasa a denominarse Servizo Público de Emprego Estatal e conserva o réxime xurídico, económico, orzamentario, patrimonial e de persoal, así como a mesma personalidade xurídica e natureza de organismo autónomo da Administración xeral do Estado, coas peculiaridades previstas nesta lei.

En consecuencia co anterior, todas as referencias que na lexislación vixente se efectúan ao Instituto Nacional de Emprego ou ás súas funcións e unidades deben entenderse realizadas ao Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional segunda. *Colaboración en materia de información cos servizos públicos de emprego.*

Todos os organismos e entidades de carácter público e privado estarán obrigados a facilitar ao Servizo Público de Emprego Estatal e aos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas cantos datos lles sexan solicitados en relación co cumprimento dos fins que lles son propios, respectando o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional terceira. *Plan integral de emprego de Canarias.*

Considerando a situación económica, social e laboral de Canarias, dada a súa condición de rexión ultraperiférica derivada da súa insularidade e afastamento recoñecidos polo artigo 138.1 da Constitución española e polo artigo 349 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e tendo en conta os fondos estruturais do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, para incrementar o emprego no seu territorio, o Estado poderá participar no financiamento dun plan integral de emprego que se dotará, de forma diferenciada, no estado de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal, para a súa xestión directa pola dita comunidade autónoma, non integrado na reserva de crédito a que se refire o artigo 18.h), e que será independente da asignación dos fondos de emprego de ámbito nacional, regulados no artigo 21, que lle correspondan.

Disposición adicional cuarta. *Participación das comunidades autónomas na incentivación do emprego indefinido.*

No marco dos convenios que se subscriban entre o Goberno e as comunidades autónomas poderán adoptarse os correspondentes acordos de traspaso para a participación na xestión das bonificacións das cotas sociais á contratación indefinida, respecto dos traballadores e traballadoras dos centros de traballo radicados na súa comunidade autónoma, así como respecto dos traballadores e traballadoras autónomos radicados nela.

Disposición adicional quinta. *Vinculación de políticas activas de emprego e prestacións por desemprego.*

No momento en que o emprego inicie a súa recuperación, o Goberno adoptará as medidas necesarias para reformar a normativa que regula as prestacións por desemprego, co obxectivo de aumentar a vinculación destas coas políticas activas de emprego.

Disposición adicional sexta. *Servizos públicos de emprego.*

O Goberno seguirá reforzando os servizos públicos de emprego estatal e autonómicos mediante a mellora dos seus recursos humanos, tecnolóxicos organizativos e da rede de oficinas. Así mesmo, incrementará o grao de coordinación e eficacia entre os servizos públicos de emprego estatal e autonómicos para promover os cambios no acceso e na mellora do emprego e para xestionar as prestacións por desemprego.

Disposición adicional sétima. *Consideración de víctimas do terrorismo para efectos de políticas activas de emprego.*

Para os efectos do disposto no artigo 10.4.c), consideraranse vítimas do terrorismo as persoas a que se refire o artigo 34 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.

Disposición adicional oitava. *Identificación da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.*

Todas as referencias que na lexislación vixente se efectúan á Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou ás súas funcións deben entenderse realizadas á Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Disposición transitoria primeira. *Entidades que colaboran na xestión do emprego.*

As entidades que no momento da entrada en vigor desta lei colaborasen cos servizos públicos de emprego manterán tal condición, de acordo coa normativa en virtude da cal se estableceu a colaboración, mentres non se desenvolva regulamentariamente un novo réxime de colaboración cos servizos públicos de emprego.

Esta regulación establecerá os requisitos mínimos das entidades para colaborar na xestión, sen prexuízo do desenvolvemento que en cada comunidade autónoma se poida facer desta.

Disposición transitoria segunda. *Xestión de políticas activas de emprego e de intermediación laboral polo Servizo Público de Emprego Estatal.*

O Servizo Público de Emprego Estatal xestionará as políticas relativas á intermediación e colocación no mercado de traballo e as políticas activas de emprego de fomento de emprego no ámbito estatal e de formación profesional para o emprego no ámbito laboral no ámbito territorial de Ceuta e Melilla, mentres a súa xestión non fose obxecto de transferencia a estas cidades autónomas.

Disposición transitoria terceira. *Políticas activas de emprego dirixidas a mulleres.*

Mentres subsistan as actuais taxas de ocupación e de paro respecto da poboación activa feminina, os poderes públicos deberán organizar a xestión das políticas activas de emprego de tal forma que o colectivo feminino se beneficie da aplicación de tales políticas nunha proporción equivalente ao seu peso no colectivo dos desempregados.

Disposición transitoria cuarta. *Disposicións aplicables ás axencias de colocación con autorización vixente en 5 de xullo de 2014.*

1. As axencias de colocación que teñan autorización vixente en 5 de xullo de 2014 poderán desenvolver a súa actividade en todo o territorio nacional sen necesidade de presentar declaración responsable.

2. Nos supostos a que se refire o número anterior, será autoridade laboral competente, para todos os efectos establecidos nesta lei, a que concedese a autorización.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro do establecido nos ordinais 1.^a, 7.^a e 17.^a do artigo 149.1 da Constitución, que atribúen ao Estado, respectivamente, «a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, «a lexislación laboral; sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas» e «o réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas». Exceptúase do anterior a letra h) do artigo 18, que se dita ao abeiro do artigo

149.1.13.^a da Constitución, sobre «Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica».

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Convenios de colaboración entre o Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas para o financiamento de gastos compartidos, correspondentes á xestión estatal de prestacións por desemprego que non impliquen a ampliación do custo efectivo traspasado ás comunidades autónomas.*

De conformidade cos principios propugnados nesta lei sobre cooperación e colaboración entre os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas e o Servizo Público de Emprego Estatal, o Servizo Público de Emprego Estatal financiará, con cargo ao seu orzamento, os gastos compartidos que eventualmente se poidan producir na rede de oficinas de emprego de titularidade traspasada ás comunidades autónomas, imputables á prestación de servizos do persoal xestor das prestacións por desemprego.

O financiamento dos ditos gastos, que terá carácter ocasional, non implicará a ampliación do custo efectivo dos medios traspasados ás comunidades autónomas da competencia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación, que se articulará a través de convenios de colaboración en que se determinará a achega económica do Servizo Público de Emprego Estatal correspondente aos gastos compartidos, derivados da xestión das prestacións por desemprego no ámbito territorial das comunidades autónomas.